

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA ACTUACIÓNS
EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación desta institución en virtude do establecido no artigo 36.1.f dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) e do seu nomeamento como reitor polo decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 5/2020, do 9 de xaneiro publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 13 de xaneiro de 2020.

EXPOÑEN

- . Que ambas as dúas institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito para o alumnado.



- Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. O compromiso das tres universidades galegas neste proceso resulta transcendental e así o constatan os seus propios estatutos, onde o galego ten o carácter de lingua oficial.
- Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego. Este plan está concibido para converterse nun instrumento para a dinamización da lingua galega e, para garantir o seu éxito, preténdese que sexa un plan participativo, práctico e realista, no que se implique a comunidade universitaria para o que se levarán a cabo medidas dinamizadoras dirixidas ao profesorado, ao alumnado e ao persoal de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na universidade.

- Que neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña xa asinaron no ano 1991 un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións para conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario. Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade de



continuar colaborando, considerouse conveniente asinar convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.

Que, para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrência pública, pois a Universidade da Coruña é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por lei orgánica e polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade da Coruña para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

Segunda.- Obrigas da UDC

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade, mediante a sinatura do presente convenio, a UDC comprométese a levar a cabo durante o ano 2021 as seguintes accións, que se engloban dentro das seguintes epígrafes:



- Soporte bibliográfico e material didáctico para a realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de grao .
- Cursos de formación para o persoal docente e investigador (PDI)
- Actividades destinadas á comunidade universitaria con intervención maioritaria cara ao alumnado (xornadas, obradoiros, conferencias, representacións teatrais.....).

O programa de actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2021 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

A UDC comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

A UDC comprométese a publicar e difundir debidamente os materiais científicos ou didácticos en galego obxecto deste convenio en soporte papel e na páxina web para poñelos á disposición dos investigadores e do público en xeral.

Terceira.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no presente convenio ascenden a un total de **47.000,00 €**, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes coa seguinte desagregación:

1.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio cunha achega total por importe de **23.500,00 €**, con cargo aos orzamentos



xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, que se destinarán ás seguintes accións:

- Soporte bibliográfico e material didáctico para a realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de grao: **23.5000,00 €**, con cargo á partida 10.50.151A.640.0

2.- A Universidade da Coruña valora os custos de realizar as actividades en **23.500,00 €** que se destinarán as seguintes accións:

- Realización de Cursos de formación para o persoal docente e investigador (PDI): **6.000,00 €**, con cargo a partida 0100.0107.422D.226.06
- Actividades destinadas á comunidade universitaria con intervención maioritaria cara ao alumnado (xornadas, obradoiros, conferencias, representacións teatrais) **11.500,00 €** con cargo á partida orzamentaria 0100.0107.422D.226.06
- Traballo dos técnicos do Servizo de Normalización Lingüística para que as actividades previstas no convenio poidan levarse a cabo, con cargo ao capítulo I: **6.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 1000.422D.130.00.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que se indica na estipulación anterior, a UDC presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2021, a seguinte documentación:



- Certificación do/da xerente da Universidade da execución das actividades do convenio, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da UDC.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, no caso de que se elaboren materiais, reproducións ou publicacións relacionadas coas actuacións acordadas, entregárase un exemplar das mesmas.

A entidade procurará utilizar o idioma galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A UDC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



Quinta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Sétima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas

De se resolver o convenio, a consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se fose o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

Oitava.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no acordo primeiro e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin



directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto do presente convenio, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e dous representantes da UDC. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décima.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo primeira.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Décimo segunda.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.



Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



Décimo quinta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.



A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

Román Rodríguez González

O reitor magnífico da

Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso



ANEXO AO CONVENIO (2021)**Achega da Secretaría Xeral de Política Lingüística**

SOPORTE BIBLIOGRÁFICO E MATERIAL DIDÁCTICO PARA A REALIZACIÓN DE
TESES DE DOUTORAMENTO, TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO E
TRABALLOS DE FIN DE GRAO

TOTAL.....23 500 €

TOTAL.....23 500 €

Achega da Universidade da Coruña

- CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

TOTAL 6000 €

- ACTIVIDADES DESTINADAS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA, CON
INTERVENCIÓN MAIORITARIA CARA AO ALUMNADO (XORNADAS,
OBRADOIROS, CONFERENCIAS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS)

TOTAL11500 €

- TRABALLO DOS TÉCNICOS DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN (ORGANIZACIÓN,
ASESORAMENTO, MATERIAIS ETC.)

TOTAL6000
€

TOTAL.....23 500 €

TOTAL DO CONVENIO 47 000 €

